



BASES DE ORGANIZACIÓN

ANDAINA SANTA COMPAÑA – 17 DE AGOSTO

Artigo 1.- Organización

A Sociedade Deportiva Barbantia Roda, en colaboración co Concello de Rianxo, organiza a “**Andaina Santa Compañía**”, o vindeiro 17 de agosto.

Artigo 2.- Persoas destinatarias

Maiores de 18 anos. Aqueles/as participantes con idades comprendidas entre os 14 e os 18 anos poderán participar cunha autorización por escrito dos proxenitores. Entre os 8 e os 14 anos ademais do anterior deberán ir acompañados/as dun adulto.

Artigo 3.- Inscricións e prazas

- A inscrición é obrigatoria e poderá formalizarse en:
 - emesports.es
 - Servizo de Deportes
 - Pavillón Polideportivo de Rianxo
 - Barabantia Roda
- A actividade é de balde e non existe límite de prazas.
- O prazo remata o 14 de agosto.

Artigo 4.- Andaina

- A distancia será de 8 Km aproximadamente e o percorrido é unha sorpresa.
- A andaina comezará as 23:00 e o punto de encontro para a saída será na Área Recreativa de Campo Maneiro (Taragoña).

Artigo 5.- Información

Poderase atopar máis información en :

- concelloderianxo.gal
- facebook.com/concelleriadedeporteepatrimoniohistorico
- emesports.es



Praza de Castelao, s/n.
15920. Rianxo (A Coruña)
981.86.63.81
deportes@concelloderianxo.gal

Artigo 6.- Normativa xeral e de seguridade

- A organización resérvase o dereito de modificar datas ou percorridos, así como aprazar ou suspender a actividade por razóns de necesidades organizativas, de seguridade ou por incidencias meteorolóxicas, tales como alertas laranxa, valores do IRDI,...
- A organización e os seus colaboradores non se fan responsables dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes na actividade.
- Cada participante será a encargada do seu avituallamento durante o percorrido. O remate da andaina realizarase o conxuro da queimada.
- Recoméndase levar roupa e calzado axeitado para a práctica deportiva.
- Non se permitirán animais de compañía.
- A organización da proba reservarase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento.

Artigo 7.- Dereitos de imaxe, uso de datos e autorizacións

- A inscrición na actividade supón a aceptación das presentes bases.
- As persoas inscritas declaran estar en bo estado físico e ter pasado os pertinentes recoñecementos de saúde, e deberán facer constar calquera incidencia médica (alerxias, atencións especiais...).
- As persoas participantes autorizan e aceptan a publicación do seu nome e apelidos, así como a súa imaxe, nos documentos xerados para a xestión da actividade, listaxes de participantes, medios de comunicación e internet para a promoción do deporte.